

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 14 de outubro de 2011 pola que se fai pública a resolución da convocatoria de axudas destinadas ao financiamento dos xuros de préstamos concedidos nas convocatorias dos cursos académicos 2009-2010 ou 2010-2011 ao alumnado universitario galego.

Pola Orde do 30 de maio de 2011 (DOG do 15 de xuño), aprobáronse as bases e procedeuse á convocatoria de axudas destinadas ao financiamento dos xuros de préstamos concedidos nas convocatorias dos cursos académicos 2009-2010 ou 2010-2011 ao alumnado universitario galego.

De acordo co establecido no artigo 5 das bases da convocatoria, desde o día 24 de setembro ao 5 de outubro de 2011 expuxéronse as listas provisionais de solicitudes admitidas e excluídas por documentación, e durante ese mesmo prazo os interesados puideron formular reclamacións ou emendar erros e falta de documentación ante a Secretaría Xeral de Universidades.

Transcorrido este prazo, as solicitudes admitidas foron estudadas pola comisión avaliadora nomeada na propia orde de convocatoria.

En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 7 das bases da convocatoria e atendendo ao informe-proposta elevado pola citada comisión avaliadora a través da Secretaría Xeral de Universidades, esta consellería

RESOLVE:

Artigo 1.

Facer pública a relación de beneficiarios das axudas destinadas ao financiamento dos xuros de préstamos concedidos nas convocatorias dos cursos académicos 2009-2010 ou 2010-2011, polas correspondentes entidades bancarias, aos estudantes universitarios que se relacionan no anexo desta orde, sempre que cumpran os requisitos do convenio asinado coas entidades financieras.

Os estudantes que figuran na relación de concedidos como pendentes de entregar o xustificante de matrícula e que, de acordo co establecido no artigo 4.2 a) da orde de convocatoria, presentaron a declaración responsable comprometéndose a entregar o xustificante de matrícula no prazo de dous días a partir do día en que se matriculen, non poderán ser beneficiarios de prórroga mentres non presenten na Secretaría Xeral de Universidades, antes do día 20 de novembro de 2011, o mencionado xustificante. A secretaria xeral entregarlles a correspondente autorización para que a entidade bancaria lles manteña a prórroga.

Artigo 2.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interponer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2011.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO Listaxe de axudas concedidas

Núm. exped.	Solicitante	Univ.	Prórroga
2011/000003-0	Vidal Abad, M. ^a Carmen	USC	2. ^a p

Listaxe de axudas concedidas pendentes de entregar o xustificante de matrícula

Núm. exped.	Solicitante	Univ.	Prórroga
2011/000002-0	Barcia Feás, Brais	USC	2. ^a p
2011/000001-0	López Gutiérrez, Jaime	FSUG	2. ^a p